



DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE NON CAUSAR PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AO MEDIO AMBIENTE (PRINCIPIO “DO NO SIGNIFICANT HARM” – DNSH)

- ☐ IG300J- AXUDAS A PROXECTOS QUE IMPULSEN E REFORCEN A TRANSICIÓN Á CADEA DE VALOR DO VEHÍCULO ELÉCTRICO E Á DESCARBONIZACIÓN DO SECTOR DE AUTOMOCIÓN EN GALICIA – LIÑA 1 DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN
- ☐ IG300K-AXUDAS A PROXECTOS QUE IMPULSEN E REFORCEN A TRANSICIÓN Á CADEA DE VALOR DO VEHÍCULO ELÉCTRICO E Á DESCARBONIZACIÓN DO SECTOR DE AUTOMOCIÓN EN GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027 - LIÑA 2 PROTECCIÓN DO AMBIENTE INCLUÍDA A DESCARBONIZACIÓN
- ☐ IG300L- AXUDAS A PROXECTOS QUE IMPULSEN E REFORCEN A TRANSICIÓN Á CADEA DE VALOR DO VEHÍCULO ELÉCTRICO E Á DESCARBONIZACIÓN DO SECTOR DE AUTOMOCIÓN EN GALICIA, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027 – LIÑA 3 PROXECTOS DE PEMES DE TRANSFORMACIÓN E MODERNIZACIÓN PRODUTIVA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

☐ Que co obxecto de garantir o cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (principio “do no significant harm” – DNSH) e resto de esixencias medio ambientais no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, cumprirá as seguintes condicións:

a) As actividades obxecto de subvención non ocasionarán un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088:

- Mitigación do cambio climático.
- Adaptación ao cambio climático.
- Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.
- Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
- Prevención e control da contaminación á atmosfera, a auga ou o chan.
- Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

b) As actividades obxecto de subvención cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

c) As actividades que se desenvolverán non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

d) Cumprirá todo o indicado nas bases reguladoras da convocatoria da subvención relativo á aplicación do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente.

e) As actividades obxecto de subvención que supoñan investimento en infraestruturas cunha vida útil de, como mínimo, cinco anos, estarán protexidas fronte ao cambio climático no sentido da Comunicación da Comisión 2021/C 373/01 sobre Orientacións técnicas sobre a defensa contra o cambio climático das infraestruturas para o período 2021-2027 e as instrucións que desenvolva ao efecto a Autoridade de Xestión dos Programas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2021-2027.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de



	obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, información, control, coordinación e estudo da execución e avaliación do Programa Galicia FEDER 2021-2027, na súa condición de Organismo Intermedio en virtude das funcións atribuídas pola Autoridade de Xestión, segundo o disposto nos artigos 72.1, letra e), 73, 74 e 82 e nos Anexos XIV e XVII do Regulamento (UE) nº 2021/1060 (RDC) e as súas disposicións de desenvolvemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos